



No Campamento de

Nadal 2024 , as persoas participantes desenvolverán diversas actividades didácticas e de lecer, nas que se realizarán **fotografías e vídeos (que poderán incluír tanto a imaxe física como a voz)**, que van ser empregados con fins exclusivamente didácticos, pedagóxicos e de difusión deste servizo.

Coa inclusión das novas tecnoloxías queremoslle informar que a finalidade deste documento é:

- Informar aos pais/nais/titores dos e das participantes menores de 14 anos, do tratamento que se realizará das imaxes/voz do/a mesmo/a.
- Solicitar o consentimento de pais/nais/titores ou participantes como base xurídica que permitirá ao Concello de Paderne ao tratamento das imaxes/voz.

En cumprimento do disposto na normativa legal respecto á protección de datos, precisamos o **consentimento dos/das participantes e dos pais e nais ou titores legais** para poder empregar as súas imaxes (fotografías e vídeos), participando no Servizo de Campamentos Nadal 2024 na páxina web, nas contas e perfís sociais, así como en calquera outro tipo de soporte documental do Concello de Paderne.

Así mesmo, informámoslle tamén de que con carácter previo á sinatura do presente documento vostede deberá ler a información relativa á protección de datos de carácter persoal que se detalla a continuación neste mesmo documento sobre o tratamento de imaxes/voz dos/las participantes:

Segundo o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPDP), e a Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, 3/2018 do 5 de decembro, así como o estipulado na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á Honra, á Intimidade persoal e familiar e á Propia imaxe, o CONCELLO DE PADERNE, con CIF P1506500F e enderezo en Consistorio, 10. 15314 Paderne - A Coruña é o responsable do tratamento. A autorización e licenza de uso da imaxe do autorizante realizada neste acto refírese exclusivamente ás fotografías, vídeos ou calquera outro tipo de gravacións dixitais realizadas polo Concello de Paderne, cos exclusivos fins anteriormente referenciados, polo que o Concello de Paderne poderán facer uso das imaxes aos únicos efectos antes mencionados. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada na obtención do seu consentimento, mediante a súa clara acción afirmativa neste presente documento, de acordo co artigo 6.1.a de o RXPDP. O interesado terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento. A difusión de imaxes en prensa e RRSS suporá unha comunicación de datos a terceiros atendendo á natureza e funcionamento destes servizos. Así mesmo, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@concellodepaderne.com ou a través do Rexistro xeral do Concello de Paderne incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do seu documento nacional de identidade, ou do seu pasaporte ou outro documento válido que o identifique e, no seu caso, da persoa que o represente. Pode obter máis información consultando a Política de privacidade na páxina Web do Concello <http://concellodepaderne.com/pages/politica-privacidad>



A presente autorización deberá de ser cumprimentada e asinada, sempre que sexa posible, por **AMBOS PROXENITORES** (pai e nai ou titores legais) do/a menor:

D./Dna. _____

con DNI _____, maior de idade, con domicilio en _____

na súa condición de _____ (indicar pai/nai/titor legal)

D./Dna. _____

con DNI _____, maior de idade, con domicilio en _____

na súa condición de _____ (indicar pai/nai/titor legal)

Da/o menor

Especificar no recadro SI ou NON

AUTORIZO/AMOS ao Concello de Paderne para que poida facer uso das fotografías e/ou vídeos realizados durante a súa participación no Campamento de Nadal 2024.

En Paderne a ___ de _____ de 2024.

Asdo.

Asdo.